

NOTA INFORMATIVA:


1. **As duchas e o lavado de bicis** finalmente será na piscina municipal: 1km dende a zona de concentración
 - a. **ubicación**
43°11'15.79"N
7°53'25.90"O
 - b. **horario:**
11:30 a 14:00 e
16:30 a 18:00

2. **Parking** explanada para poder deixar os vehículos
43°10'57.25"N 7°53'49.16"O

O mellor acceso é dende a Autovía A6 saída 535 dirección Guitiriz en ambos sentidos.

3. **A secretaria** estará ubicada no Campo da Feira de Guitiriz 43°10'57.46"N 7°53'42.50"O

A partir das 9:30 h. estará aberta para comprobación do número de pinza Sport Ident e entrega de TracktheRace.



4. Dende a organización facilitáanse os seguintes **lugares para comer:**

Balneario de Guitiriz	Menú Buffet de 20 €	43°10'30.76"N 7°52'58.13"O
Restaurante la Casilla	Menú desde 12€	43°10'36.74"N 7°52'56.36"O
5. Recórdase aos corredores que **a partir das 15:30 h.** deben estar **nas inmediacións do Campo da Feira**. Está terminantemente **prohibido circular polos arredores de Guitiriz** (controlarase o Track the Race). Tan só se permitirá ir ata a saída seguindo as cintas, cando lles corresponda según os horarios de saída .
6. Aqueles **corredores que só disputen o evento de Media Distancia** deberán entregar o Track the Race ao finalizar dito evento e os corredores que disputen ambas probas (Media Distancia e Sprint) deberán entregalo ao finalizar o Sprint.
7. Aqueles **corredores que só disputen o evento de Media Distancia e aluguen pinza Sport Ident** deberán entregala ao finalizar dito evento e os corredores que disputen ambas probas (Media Distancia e Sprint) deberán entregalo ao finalizar o Sprint.
8. **Moi importante na carreira sprint:** a lectura dos códigos de control das balizas estará na taboa de descrición de control e recórdase que a **proba é liñal**.
9. Recórdase a todos os corredores a importancia de **respectar as normas de seguridade vial e as normas de circular pola dereita** nos camiños e de **non quedarse parado nas balizas** sobre todo na carreira sprint ao haber un grande número de corredores no circuito para no

entorpecernos. Está **TOTALMENTE prohibido navegar fora dos camiños** e si navegáramos e nos déramos conta, debemos retroceder.

10. Na **distancia Media** despois de revisar os percorridos esta mesma semana puidemos ver que, debido aos traballos de corte e tala de árbores, **algúns camiños están sucios de ramas** e aconsellamos ciclar con precaución pola posibilidade de poder caer con ditas ramas. Tamén nos arredores da **baliza código 36 e código 40** veredes que a ciclabilidade é mellor que o que mostra o mapa, isto é porque pasaron unhas máquinas para mellorar os camiños.

Nos arredores da baliza código 36 fixeron unha explanada para facer un aparcadoiro para maquinaria que non aparece no mapa. Non afectaría ao percorrido e é evidente. De todas formas adxuntamos unha fotografía.



11. Recórdase aos corredores que **os mapas da carreira estarán plastificados** para que non haxa problemas coa posibilidade de choiva.

Despois do evento Sprint teremos o pracer de disfrutar dunha **merenda de confraternización** no Campo da Feira de Guitiriz. Dicho “píscolabis” celebrarase sobre ás 18:00 h. para todos os corredores e acompañantes. Gustaríanos a asistencia de todos vós para que poidamos pasar un anaco agradable todos xuntos.

Track the race

1. Todos os corredores das categorías oficiais, deben levar o Sistema tracktherace.(Cadete, Junior, Senior, Veterano A, Veterano B).
2. É responsabilidade do corredor coller o GPS e devolveo ao rematar a proba. Será motivo de descalificación aqueles corredores das categorías oficiais que non leven o dispositivo na proba.
3. Utilizarase como medio de proba e evidencia do incumplimento das normas.